

Concello	Parroquia
Muxía	Moraime (San Xulián)
Muxía	Muxía (Santa María)

Parroquias da Variante 2 (de Fisterra a Muxía):

Concello	Parroquia
Muxía	Caberta (San Fins)
Muxía	Santiso de Vuiturón ( San Tirso)
Muxía	Bardullas (San Xoán)

Parroquias do Camiño Inglés:

Concello	Parroquia
A Coruña	Coruña, A
A Coruña	Oza (Santa María)
A Coruña	Elviña (San Vincenzo)
Culleredo	Rutis (Santa María)
Culleredo	Burgo, O (Santiago)
Culleredo	Almeiras (San Xíán)
Culleredo	Culleredo (Santo Estevo)
Cambre	Sigrás (Santiago)
Cambre	Anceis (San Xoán)
Carral	Tabeaio (San Martiño)
Carral	Sergude (San Xíán)
Carral	Cañás (Santa Baia)
Abegondo	Sarandós (Santa María)
Abegondo	Montouto (Santa Cristina)
Carral	Beira (Santa Mariña)
Mesía	Bruma (San Lourenzo)
Ordes	Ardemil (San Pedro)
Ordes	Leira ( Santa María)
Ordes	Buscás (San Paio)
Ordes	Poulo (San Xulián)
Ordes	Pereira (Santaia)
Ordes	Santa Cruz de Montaos (Santa Cruz)
Oroso	Deixebre (Santa María)
Oroso	Villaromarís (San Tomé)
Oroso	Oroso (San Martiño)
Oroso	Gándara, A (San Miguel)
Santiago	Barciela, A (Santo André)
Santiago	Marantes (San Vicente)
Santiago	Enfesta, A (San Cristovo)
Santiago	San Caetano (Santiago)
Santiago	Vista Alegre (San Xoán)
Santiago	San Lázaro (Santiago)
Santiago	Santiago de Compostela

Parroquias do Camiño Inglés. Ferrol-Mesía:

Concello	Parroquia
Ferrol	Ferrol
Narón	Narón
Neda	Santa María de Neda (Santa María)
Neda	Neda (San Nicolás)
Fene	Fene (San Salvador)
Fene	Perlío (Santo Estevo)
Fene	Magalofes (San Xurxo)
Fene	Barallobre (Santiago)
Cabanas	Laraxe (San Mamede)
Cabanas	San Martiño de Porto (San Martiño)
Cabanas	Cabanas (Santo André)
Pontedeume	Pontedeume (Santiago)
Pontedeume	Breamo (San Miguel)
Pontedeume	Vilar (San Pedro)
Pontedeume	Andrade (San Martiño)
Miño	Vilanova (San Xoán)
Miño	Castro (Santa María)

Concello	Parroquia
Miño	Leiro (San Salvador)
Miño	Miño (Santa María)
Paderne	San Pantaleón das Viñas (San Pantaleón)
Paderne	Souto (Santa María)
Betanzos	Tiobre (San Martiño)
Betanzos	Betanzos
Betanzos	Brabío (San Martiño)
Betanzos	Requián (Santiago)
Abegondo	Limiñón (San Salvador)
Abegondo	Cos (Santo Estevo)
Abegondo	Meangos (Santiago)
Abegondo	Cullergondo (Santa María)
Abegondo	Presedo (Santa María)
Abegondo	Víos (San Salvador)
Abegondo	Leiro (Santaia)
Abegondo	Folgoso (Santa Dorotea)
Abegondo	Vilacova (San Tomé)
Abegondo	Montouto (Santa Cristina)
Abegondo	Vizoño (San Pedro)
Mesía	Bruma (San Lourenzo)

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios.*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vén intervindo de forma activa para fomentar o desenvolvemento sustentable de Galicia en cumprimento das funcións reflectidas no Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A teor do establecido no artigo 7.2º.1.l) do citado decreto, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ten como competencia propia o impulso, coordinación e seguimento da elaboración das iniciativas e programas de sustentabilidade local, axendas 21 locais impulsadas pola consellería, así como o fomento da implantación das axendas 21 escolares nos centros educativos, funcións que leva a cabo a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

Dado que a implantación dun modelo de desenvolvemento local sustentable atinxe todos os ámbitos da sociedade, cidadáns, organizacións e entidades, e considerando de xeito integrado o desenvolvemento social, económico e ambiental, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible deseñou un proxecto para desenvolver simultaneamente accións conducentes ao desenvolvemento sustenta-

ble en todos estes ámbitos, coa denominación de núcleos de sostibilidade. Para levar a cabo este proxecto desde o punto de vista práctico estanse a desenvolver sete experiencias piloto na materia en distintos concellos de Galicia.

O proxecto desenvólvese en dúas partes. Por unha banda, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financia integramente a elaboración da Axenda 21 local en cada un dos núcleos de sostibilidade a través dunha asistencia técnica e comprométese a organizar e financiar campañas de sensibilización e formación que contribúan á introdución da cultura da sustentabilidade no municipio. Por outra, a entidade local responsabilízase de: a) crear unha axencia local de sustentabilidade e dotala de persoal e equipamento material; b) implantar un sistema de xestión ambiental no concello; c) realizar actividades de sensibilización e educación sobre o conxunto da poboación; d) executar investimentos no eido ambiental. No financiamento desta segunda epígrafe participarán tanto a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible como o concello.

O proxecto iniciouse na súa fase piloto o ano 2007 con sete núcleos de sostibilidade. Agora, e aproveitando a experiencia adquirida nesta fase piloto, é o momento de impulsar progresivamente estas iniciativas no ámbito de toda a comunidade autónoma, e facilitarlles aos concellos galegos os procesos de implantación e desenvolvemento dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios co fin de posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de ser promovidas ou apoiadas pola Administración municipal e a autonómica que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sustentable, establecendo para este fin unha liña de axudas.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal está representada polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada lei. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto das axudas.*

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria de axudas con

caracter plurianual, dirixidas aos concellos galegos para a implantación de cinco núcleos de sostibilidade, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non-discriminación, regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde os concellos de Galicia que dispoñan dun censo de poboación menor de 35.000 habitantes segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, non se poderán presentar a esta convocatoria os concellos que estean xa a desenvolver o proxecto de implantación dun núcleo de sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

4. Para poder optar á axuda, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

-Acreditación do acordo unánime do Pleno da Corporación Municipal de adhesión ao proxecto cos seguintes compromisos:

a) Compromiso de levar a boa fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na entidade local contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b) Adhesión á Carta de Aalborg + 10.

c) Compromiso de colaborar na elaboración da Axenda 21 local e da Axenda 21 escolar, así como de facilitar e promocionar no concello a participación pública neste proceso.

d) Compromiso de crear e financiar unha axencia local de sustentabilidade e a súa dotación material.

e) Compromiso de dotar e financiar, durante o período de vixencia desta orde, o persoal necesario para o funcionamento da axencia local de sustentabilidade, mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titulado superior.

-Acreditación de non estar sometido a procedementos administrativos por incumprimentos ambientais.

*Artigo 3º.-Conceptos subvencionables.*

1. Serán obxecto da axuda os custos derivados da realización dos seguintes traballos:

-Actividades de sensibilización e educación sobre sustentabilidade do conxunto da poboación do concello.

-Implantación dun sistema de xestión ambiental no concello.

-Investimentos ambientais; priorizaranse aqueles relativos ao eido da eficiencia enerxética e da mobilidade sustentable.

2. En todo caso, as accións subvencionables deberán comezar neste exercicio.

*Artigo 4º.-Porcentaxe e contía das axudas.*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subvencionará os gastos que se realicen para levar a cabo as accións relacionadas no artigo 3º cun importe do 100% do custo dos gastos realizados, ata un máximo de 28.000 € por beneficiario para o ano 2008, de 85.000 € por beneficiario para o ano 2009 e de 90.000 € por beneficiario para o ano 2010.

*Artigo 5º.-Compatibilidade.*

As axudas serán compatibles con outro tipo de subvencións e axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, ou achegas de persoas físicas, sempre e cando a suma de todos os financiamentos non supere o custo da actividade.

*Artigo 6º.-Solicitudes.*

1. As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e deberán ser presentadas mediante modelo normalizado recollido no anexo I desta orde, en calquera dos lugares previstos polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán de ser presentadas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e, se esta non reunise os requisitos exixidos, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixese, se poderá considerar desistido da súa petición, arquivándoa sen máis trámite, de acordo co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 7º.-Documentación xeral que se deberá presentar coas solicitudes.*

1. Xunto coa solicitude, os interesados en obter estas axudas deberán achegar a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 2.4º. (Conforme o modelo recollido no anexo II).

b) Documentación acreditativa dos méritos que serán obxecto de baremación, establecidos no artigo 9º.

c) Declaración xurada doutras axudas, por parte de entidades públicas ou financiamento privado, para a mesma actividade (conforme o modelo recollido no anexo III).

2. A referida documentación estará á disposición dos interesados na páxina web desta consellería: <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>.

*Artigo 8º.-Comisión avaliadora.*

1. Presentada a solicitude xunto á documentación exixida, procederase á súa valoración por unha comisión de avaliación de proxectos, formada polas seguintes persoas:

a) O director/a xeral de Desenvolvemento Sostible, que actuará como presidente.

b) O subdirector/a xeral de Fomento do Desenvolvemento Sostible.

c) O xefe/a do Servizo de Promoción da Sostibilidade, que actuará como secretario/a.

d) Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

2. Cando, por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o director xeral de Desenvolvemento Sostible.

3. A comisión de valoración rexerese polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

*Artigo 9º.-Criterios de valoración e baremo.*

1. A comisión de avaliación creada ao abeiro desta orde estudará as solicitudes admitidas, analizando a documentación requirida polo artigo 7º, e avaliará as solicitudes aplicando os seguintes criterios e puntuacións:

a) Actividades ou actuacións no ámbito da sustentabilidade realizadas polo concello nos últimos cinco anos: ata 20 puntos. Estas actuacións acredita-

ranse mediante a presentación dunha memoria explicativa.

b) Presentación dun proxecto de fomento da sustentabilidade no ámbito do concello cos seguintes contidos mínimos:

-Diagnose da sustentabilidade do concello que identifique as fortalezas e os recursos da entidade local neste eido.

-Obxectivos xerais e específicos do proxecto.

-Actividades de sensibilización e educación sobre sustentabilidade que se van realizar: obxectivo específico, tipo de actuación, descrición, destinatarios, duración, anualidade, orzamento, indicador de avaliación.

-Investimento/os que se van realizar: obxectivo específico, tipo de investimento, descrición, destinatarios, duración, anualidade, orzamento, indicador de avaliación.

-Sistema de xestión ambiental: obxectivo específico, tipo de sistema de xestión ambiental (Sxma), áreas de implantación, duración, anualidade, orzamento, indicador de avaliación.

Nesta epígrafe valorarase:

-Coherencia do proxecto en canto a diagnose de sustentabilidade, obxectivos, actuacións e indicadores de avaliación: ata 20 puntos.

-Investimentos no eido da eficiencia enerxética e da mobilidade sustentable: ata 10 puntos.

-Grado de innovación dos investimentos: ata 10 puntos.

-Compromiso de financiamento por parte do concello do custo do investimento que supere os límites establecidos anualmente no artigo 4: ata 10 puntos.

c) Compromiso de participación no proxecto de, polo menos, un 20% dos empresarios do concello: 10 puntos.

d) Compromiso de manter o axente local de sustentabilidade financiado polo concello despois de rematado o prazo de vixencia da orde: 12 puntos.

e) Dispoñer dunha concellaría de medio ambiente no concello: 5 puntos.

f) Emprego da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita a axuda, en cumprimento do disposto no artigo 20.2º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 3 puntos.

2. Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración fixará a puntuación mínima necesaria para poder acceder á concesión das axudas estable-

cidas nesta orde, ordenándose as solicitudes de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible. En todo caso, soamente se aprobarán cinco solicitudes por orde de puntuación.

3. Se algún dos solicitantes aprobados rexeita a axuda, o importe desta poderá ser asignado ás solicitudes de maior puntuación non aprobadas.

*Artigo 10º.-Procedemento de avaliación das solicitudes.*

1. Recibidas as solicitudes, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible poderá solicitar a ampliación de datos ou informes que considere necesarios, en relación coa documentación presentada para a súa baremación.

2. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible remitirá os expedientes á comisión avaliadora, que será o órgano que aplique os criterios de selección e elabore o informe para a resolución das axudas. Este informe conterá:

a) Relación dos solicitantes para os cales se propón a concesión de axudas, con indicación do baremo acadado, orzamento aprobado e a contía da axuda.

b) Relación dos solicitantes para os cales se propón a denegación da subvención solicitada e a causa de denegación.

3. Recibido o informe da comisión avaliadora, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible formulará a correspondente proposta de resolución ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, na cal se expresará a relación de solicitantes para os cales se propón a concesión ou a denegación da subvención.

*Artigo 11º.-Resolución de concesión.*

1. A resolución da concesión será ditada polo director xeral de Desenvolvemento Sostible, actuando por delegación expresa do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nun prazo de seis meses a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Sen prexuízo da notificación da resolución aos interesados nos termos previstos polos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a relación citada no punto anterior farase pública a través da páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e as subvencións concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión da convocatoria ou programa e crédito orzamentario ao cal se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

3. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se ditase e notificase a resolución posibilitará

que os interesados poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 desta lei.

4. Así mesmo, as resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

5. O outorgamento da axuda debe ser aceptado polo beneficiario coas condicións específicas recollidas nesta orde, no prazo de dez días a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. No caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

#### Artigo 12º.-*Publicidade da resolución.*

1. Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o seu importe, individualmente consideradas, sexa igual ou superior a 3.000 euros. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 13, puntos 3º e 4º, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. O beneficiario das axudas deberá cumprir coa exigencia de publicidade da axuda concedida ao abeiro do disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deste xeito, en todos os documentos e actuacións que se xeren como consecuencia desta orde debe figurar de xeito expreso a identidade corporativa de núcleo de sostibilidade que será subministrada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

#### Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Se na tramitación do expediente o solicitante precisase introducir modificacións a este, solicitará autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xustificando as razóns do cambio e actualizando o expediente en que se recollan as variacións do proxecto orixinal. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran os criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida derivar en criterio discriminatorio respecto a terceiros.

2. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A modificación de axuda realizarase mediante resolución do director xeral de Desenvolvemento Sostible.

4. As renunciacións á subvención, na totalidade ou en parte, non precisarán resolución modificatoria da axuda.

#### Artigo 14º.-*Xustificación dos traballos realizados.*

1. Os gastos realizados xustificaranse mediante certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto, acompañada de orixinal ou copia compulsada das facturas, xustificantes bancarios ou calquera outro documento con validez xurídica que xustifique o investimento solicitado e o cumprimento do obxecto da subvención pública. A dita certificación e xustificantes deberán presentarse antes do 15 de decembro de 2008, 2009 e 2010, segundo a anualidade que corresponda, ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, co fin de que esta outorgue, se procede, a súa conformidade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado.

A certificación deberá incluír a declaración das actuacións realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos en que se incorren. En calquera caso, o gasto destinado a investimentos non poderá superar o 70% do orzamento total destinado a cada anualidade.

2. As accións que se realicen soamente o longo do ano 2008 finalizarán antes do 1 de decembro de 2008. Para as actuacións que rematen en 2009, fina-

lizarán antes do 1 de decembro de 2009 e, para as actuacións que rematen en 2010 finalizarán antes do 1 de decembro de 2010.

Así mesmo, os investimentos materiais debe manterse e aplicarse ao fin concreto para o que se concede a subvención por un período mínimo de cinco anos.

3. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos neste artigo ou a súa xustificación insuficiente comportará o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. No momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o petitionerario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, de acordo coa Resolución do 30 de novembro de 1999, na cal se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación das axudas públicas.

#### Artigo 15º.-*Pagamento.*

1. O pagamento formalizarase unha vez que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible preste a conformidade coa conta e xustificantes presentados polo beneficiario de conformidade co artigo 14º, punto 1.

2. O pagamento das axudas, no caso das que teñan carácter plurianual, poderá realizarse mediante pagamentos parciais, un en cada anualidade, de conformidade co establecido no artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e coas garantías previstas no seu artigo 17.2º.

3. O sumatorio dos pagamentos axustarase en todo caso e non excederá a cantidade orzada para cada anualidade, segundo o artigo 17º desta orde.

#### Artigo 16º.-*Redución do pagamento.*

No suposto de que o investimento ou a actividade realizada tivese un custo inferior ao inicialmente previsto, a axuda concedida verase diminuída na cantidade necesaria para manter a porcentaxe de axuda sobre o investimento estipulado.

#### Artigo 17º.-*Aplicación orzamentaria.*

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde destinarase ata un máximo de 140.000 euros (cento corenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.541E.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008; 425.000 euros (catrocentos vinte e cinco

mil euros) e 450.000 € (catrocentos cincuenta mil euros) con cargo á mesma aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2009 e 2010, respectivamente.

#### Artigo 18º.-*Reintegro.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

2. Aos beneficiarios seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### Artigo 19º.-*Control e seguimento.*

1. Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, os beneficiarios das axudas previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

2. Así mesmo, constitútese unha comisión de seguimento, integrada polo director xeral de Desenvolvemento Sostible e o subdirector xeral de Fomento do Desenvolvemento Sostible ou persoas en quen deleguen, que se encargará do control da execución da actividade obxecto da axuda.

3. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible poderá supervisar a execución dos traballos co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos.

#### Artigo 20º.-*Recursos.*

A resolución pola que se outorga a axuda porá fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio

administrativo, ou ben ser impugnada directamente, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

*Disposición adicional*

Única.-*Delegación de funcións.*

Delégase no director xeral de Desenvolvemento Sostible o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 11º.1, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-*Desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Desenvolvemento Sostible para ditar cantas disposicións complementarias sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2008.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>IMPLANTACIÓN DE NÚCLEOS DE SOSTIBILIDADE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MA410A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

CONCELLO	PROVINCIA	CIF
ENDEREZO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

E NA SÚA REPRESENTACIÓN O ALCALDE/PRESIDENTE

APELIDOS	NOME	NIF
----------	------	-----

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR (de acordo co artigo 6º da orde)

A  INSTANCIA (anexo I).  
 B  DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS COMPRENDIDOS NO ARTIGO 2º.4 (anexo II).  
 C  DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS QUE SERÁN OBXECTO DE BAREMACIÓN.  
 D  DECLARACIÓN XURADA DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO (anexo III).

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios.*

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



*ANEXO II*

**DECLARACIÓN XURADA  
 (UN ANEXO PARA CADA UNHA DAS SOLICITUDES)**

DECLARACIÓN XURADA

Dna/D [ ] , con NIF nº [ ] ,

como alcalde/presidente do Concello de [ ] , con CIF nº [ ]

DECLARA:

- Que se acordou por unanimidade do Pleno da Corporación, do [ ] de [ ] de 20 [ ] a adhesión ao Proxecto núcleos de sostibilidade cos seguintes compromisos:
- Levar a boa fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na entidade local contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
  - Adhesión á Carta de Aalborg +.
  - Colaborar na elaboración da Axenda 21 local e da Axenda 21 escolar así como facilitar e promover no concello a participación pública neste proceso.
  - Crear e financiar unha axencia local de sustentabilidade e a súa dotación material.
  - Dotar e financiar, durante o período de vixencia da orde, o persoal necesario para o funcionamento da axencia local de sustentabilidade mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titulado superior.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina a presente solicitude

*Lugar e data*

[ ] , de [ ] de 20 [ ]

O ALCALDE/PRESIDENTE

Asdo.: [ ] (Nome e apelidos)

DECLARACIÓN XURADA

Dna/D [ ] , con NIF nº [ ] ,

como alcalde/presidente do Concello de [ ] , con CIF nº [ ]

DECLARA:

Que este concello non está sometido a procedementos administrativos por incumprimentos ambientais.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude.

*Lugar e data*

[ ] , de [ ] de 20 [ ]

O ALCALDE/PRESIDENTE

Asdo.: [ ] (Nome e apelidos)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*ANEXO III*

**DECLARACIÓN XURADA  
(UN ANEXO PARA CADA UNHA DAS SOLICITUDES)**

DECLARACIÓN XURADA

Dña/D [ ] , con NIF nº [ ] ,

como alcalde/presidente do Concello de [ ] , con CIF nº [ ]

En relación coas accións polas que se solicitan axudas ao abeiro da orde pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas destinadas a concellos de Galicia para a implantación dun núcleo de sostibilidade nos seus territorios.

**DECLARA BAIXO XURAMENTO:**

- Que son certos os datos recollidos neste expediente de solicitude de axuda.
- Que se teñen solicitadas as seguintes axudas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (Resolución do 30 de novembro de 1999, acordo do Consello de novembro de 1999, no cal se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas):

- [ ]
- [ ]
- [ ]

NINGUNHA OUTRA AXUDA

E para que conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude.

*Lugar e data*

, de 20

O ALCALDE/PRESIDENTE

**CONSELLERÍA DE VIVENDA  
E SOLO**

*Resolución do 28 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Vivenda e Solo, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2008.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega impón a cada Consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2008.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Vivenda e Solo nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2008, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2008.

Rosa Losada Suárez  
Secretaría xeral da Consellería de Vivenda e Solo